

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ATENCIÓN DE LESIONADOS EN ACCIDENTE DE TRÁFICO MEDIANTE SERVIZOS DE EMERXENCIAS SANITARIAS PARA OS EXERCICIOS-2021-2023 NO AMBITO DA SANIDADE PÚBLICA ENTRE O CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS, A UNION ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS E REASEGURADORAS (UNESPA), E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Consorcio de Compensación seguradoras (UNESPA), e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. formalizaron o 15.01.2021 o convenio arriba indicado.

De acordo co previsto na cláusula undécima do dito convenio, este será de aplicación a todas as prestacións que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2021 e que sexan consecuencia de sinistros ocorridos a partir desa data ata as prestacións realizadas consecuencia de sinistros ocorridos ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a prestación de servizos de asistencia sanitaria de emerxencia a lesionados en accidente de tráfico no ámbito da sanidade pública e as tarifas de prezos aplicables aos mesmos.

Así mesmos, as cláusulas e tarifas contidas no dito convenio aplicaranse a todas as prestacións realizadas aos lesionados por feitos da circulación, ocasionados por vehículos de motor que teñan o seu estacionamento habitual en España, estando obrigados a subscribir un contrato de seguro de Responsabilidade Civil derivada da Circulación de Vehículos de Motor, de acordo coa lexislación vixente. Serán de aplicación tanto ao seguro obrigatorio, voluntario e complementario aos mesmos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultaría, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria no caso de emerxencia e urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario. Sendo unha das finalidades da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 a colaboración coas administracións, corporacións, entidades ou particulares do que sexa a súa competencia ou actividade e teña incidencia ou sexan de interese para a consecución dos seus obxectivos.

A facturación dos servizos prestados pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, fundamentase nas seguintes disposicións normativas: Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade (artigo 83); Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (disposición adicional décima); Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización (Anexo IX); e Decreto 56/2014, de 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

Respecto as entidades coa que se propón a sinatura do Convenio, cumpre salientar que:

- UNESPA (Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras) á a asociación empresarial que agrupa á inmensa maioría das empresas de seguros de España. Foi fundada en 1977 coa finalidade, segundo se describe nos seus estatutos, de representación, xestión e defensa dos intereses económicos, sociais e profesionais, comúns, dos seus asociados.

- O Consorcio de Compensación de Seguros é unha entidade pública empresarial española adscrita ao Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital sendo a súa actuación, polo xeral, a dun asegurador directo, en defecto de participación do mercado privado, e tamén a propia dun Fondo de Garantía, cando se dan determinadas circunstancias como a falta de seguro nos casos de seguros obrigatorios, insolvencia do asegurador, etc.

Deste xeito xurde a necesidade da sinatura dun Convenio, que vense formalizando cos Servizos de Emerxencia e Urgencia Sanitaria de toda España, dende decembro de 1997, ao considerar de interese común a colaboración na prestación de servizos de asistencia sanitaria de emerxencia a lesionados en accidente de tráfico, pola calidade dos servizos asistenciais de emerxencia, e pola facilidade para facturar ditos servizos ao describir claramente os procedementos e os criterios de aceptación dos importes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

